

As medidas de aforro da auditoría enerxética permitirán a Oleiros reducir un 30% do consumo eléctrico

## O Concello mellora a comunicación a pé desde Iñás coa construcción de beirarrúas en Espoz y Mina

Páxina 5



Concello de  Oleiros

O Orzamento xeral para o 2012 comezará a rexer o 1 de xaneiro

Páxinas 12, 13 e 14

# Vivir en Oleiros

O Concello reformou e adaptou a Escola da Braña, antiga Casa Labarta, para que funcione como escola infantil, pero a Xunta non a dota de persoal



## A Escola da Braña sen docentes

■ En Oleiros hai 550 alumnos e alumnas de 0 a 3 anos para as tres escolas infantís que construíu o Concello. Deses 550 rapaces e rapazas, 280 teñen matrícula, mentres que 270 agardan praza a pesar de que o Concello supliu a Xunta construíndo unha nova escola adaptando o edificio da Braña cun investimento superior aos 240.000 euros.

A Consellería de Traballo e Benestar, unha vez máis, ignora as súas obrigas a pesar de ser o Goberno local quen a substitúe no gasto das infraestruturas para a prestación dos servizos educativos e sociais.

Páxina 6

## O teatro en Oleiros é un motor cultural

O Concello fai unha forte aposta polo teatro como motor cultural. Ademais da programación teatral da Rede Galega de Teatros e Auditorios que comenzará o próximo 12 de febreiro, o Goberno organiza obradoiros de iniciación e conta cunha escola infantil, onde se forma a nenos e nenas en arte dramática.

Páxinas 20 e 21

O Goberno local está a elaborar un Plan de seguridade viaria en todo o municipio

Páxina 4

O servizo de lacería consorciado, activo desde o pasado 1 de novembro

Páxina 11

Regresa Ocioleiros con novas actividades

Páxina 18

Como saber onde está todo en Oleiros

AXENDA  
Páxina 23



Alternativa dos Veciños

## O ocio virtual, un risco para a saúde dos nosos fillos

Estamos a crear unha sociedade escrava das novas tecnoloxías, envorcada no uso obsesivo, desde o illamento, das chamadas redes sociais e do inmenso volume de información que, paradoxalmente, leva a moitos seres humanos a vivir a experiencia da soledade e o exceso de recepción de intoxicación mediática que converten a xeneraldade da poboación nunha masa menos afeita ao debate real, susceptible de ser gobernada polos grandes fluxos de creación de opinión movidos desde os fíos dos grandes grupos de poder.

Este fenómeno de vivir na virtualidade más tempo que na realidade é especialmente grave e con efectos secundarios ben palpables

cando afecta ao segmento máis vulnerable: os nosos fillos e fillas. Irascibilidade, falta de habilidades sociais, illamento, ansiedade, trastornos da personalidade, fobias ou depresións son afeccións comúns entre os rapaces e as rapazas que limitan o seu tempo de lecer ao uso de ordenadores e consolas. A dependencia excesiva dos aparellos tecnolóxicos leva á xente nova que se ve privada deles durante un día a un estadio de tedio, cando non a unha crise de ansiedade que debería ser tratada como unha verdadeira voz de alarma para introducirmos cambios no xeito de vivir a vida ata que a relación coas máquinas sexa só un instrumento e non un fin en por si.

É un deber de pais e nai responsables, vixiar o tempo de uso das novas tecnoloxías e tamén dos contidos aos que acceden os seu fillos e fillas, por máis que a moitos lles resulte más cómodo omitir a súa responsabilidade educadora e ainda más incentivar na mocidade o uso dos aparellos para así quedar liberados para dedicarse ás súas cousas. Pero logo, o resultado pode ser nefasto: rapaces e rapazas sen habilidades para relacionarse, con problemas de obesidade e do sistema nervioso, sen capacidade para interactuar, opinar, xogar ou tender pontes emocionais. Rapaces e rapazas que poden ser un elo perdido, a quem non lles contamos contos, nin lles falamos de como era a vida dos seus devanceiros,

nin lles transmitimos os nosos valores...

Hai vida máis aló da virtualidade e do materialismo egocentrista que leva a vivir cada día máis como células illadas nun mundo que, ironicamente, presume de proporcionar máis información pero que, na realidade, fai perder o contacto co veciño de preto. Nunha sociedade do novo milenio, holística, onde todo e todos estamos interrelacionados, os aparellos teñen de ser instrumentos que nos acheguen ao contacto social real e non substitutos para recluirnos no consumismo onanista. É o camiño para transformámonos nunha sociedade máis activa, participativa, solidaria e reactiva fronte á inxustiza.

Partido Popular de Oleiros / Voceiro do Grupo Municipal do PP no Concello de Oleiros



## El Partido Popular, siempre con los vecinos

El pasado mes de octubre, Alternativa dos Veciños, aprobó el presupuesto municipal. Éste, que debería ser un instrumento para mejorar la calidad de vida de los vecinos y crear empleo, se ha convertido en una suerte de ruleta de la fortuna, que sólo aspira a que un "renacimiento del ladrillo", logre salvar la crítica situación económica por la que atraviesa nuestro municipio.

Alternativa dos Veciños ha optado por mirar al pasado, añorando los años del urbanismo desbocado y la especulación. En una época de crisis y recesión, se apuesta por los campos de golf y los hoteles

de lujo, y se hace a costa del empleo y los servicios sociales. Así, después de dos años y más de 2 millones de euros invertidos, aún no se ha puesto en marcha el vivero de empresas; el Ayuntamiento se ha deshecho del mantenimiento de los centros de salud y solicita el cierre del Pazo de Arenaza, para no tener que cumplir con los compromisos de gastos adquiridos con la Xunta del bipartito.

El gobierno municipal apuesta por la subida de impuestos y la reducción de servicios, para poder mantener el gasto en cosas superfluas como los viajes a Cuba, la radio municipal o este mismo periódico,

medios públicos para hacer propaganda y desprestigiar tanto a la oposición como a todas las demás administraciones públicas.

Se ha incrementado el coste del gobierno municipal, que cuenta con las mismas dedicaciones exclusivas que el gobierno de la Xunta; no hay reducción de gastos, pero sí de personal, lo que traerá una merma en la prestación de los servicios municipales; y no hay ninguna propuesta para mejorar los ingresos municipales, apostando por la creación de nuevas empresas en Oleiros, que creen empleo y permitan aumentar la recaudación por IAE. En definitiva, un presupuesto lleno

de promesas que, como en los últimos presupuestos, caerán en saco roto. Solo un dato: en cuatro años, Oleiros ha pasado de invertir más de 10 millones de euros anuales, a poco más de cuatro y medio en el presente año.

Por eso, desde el PP seguiremos apostando por el control al gobierno municipal, apoyando aquellos proyectos que sirvan para mejorar la calidad de vida y los servicios de los vecinos, y denunciando los desmanes y las injusticias a las que, desgraciadamente, nos tienen acostumbrados los concejales del gobierno municipal.

Grupo Municipal Socialista / Voceiro do Grupo Municipal PSdeG - PSOE no Concello de Oleiros



## Austeridad para todos menos para el gobierno municipal

La mayoría absoluta de Alternativa dos Veciños empieza a pasar factura a la democracia y a los ciudadanos. Argumentando la necesidad de recaudar debido a la crisis, el gobierno municipal aprobó la subida de impuestos y de tasas de la mayoría de los servicios municipales. Algunas de estas subidas son tan escandalosas que superan el 33% (puede informarse con detalle en

[www.oleiros.net](http://www.oleiros.net)). También en nombre de la crisis y de la necesidad de recortes, Alternativa dos Veciños ha eliminado puestos de trabajo en el ayuntamiento, no así de miembros del gobierno, que son 11, todos con dedicación exclusiva, más siete asesores. Por el contrario, a los grupos de la oposición nos ha suprimido la infraestructura de personal y de material

(ordenador y local del grupo) que el ayuntamiento venía aportando hasta ahora.

Mientras esta publicación, de excelente formato y papel, pagada con sus impuestos, seguirá llegando a sus hogares para ensalzar la labor del gobierno, al Grupo Socialista tan solo se le asigna el espacio de este artículo para explicarle nuestras propuestas y el trabajo

que estamos llevando a cabo en la corporación municipal. No sabemos si esta austeridad de espacio es también provocada por la crisis.

Como es imposible que en estos pocos centímetros nos podamos explicar, les emplazamos a que nos visiten en nuestra página web [www.oleiros.net](http://www.oleiros.net) o en Facebook: PSdeG-PSOE Oleiros.



Bloque Nacionalista Galego / Voceiro do Grupo Municipal do BNG no Concello de Oleiros

## Recursos e servicios

Pidéndonos un artigo para "Vivir en Oleiros". Cando se publique xa teremos os resultados das eleccións xerais cun moi probable escenario estatal de retroceso democrático, recentralización e recortes sociais e laborais. Nestas circunstancias a política municipal resultrá clave para dar atención e apoio fronte ao empeoramento das condicións de vida de todas as familias que componen a maioría social, porque o Concello

é a administración que está máis preto da cidadanía, a que coñece a súa situación de primeira man.

As partidas procedentes da Xunta e do Goberno van seguir recortándose drásticamente, pero o Concello vai ter que continuar prestando servicios fundamentais para os veciños e veciñas. Por iso debe sanear a súa economía buscando fontes propias de financiación en vez de continuar con

orzamentos ficticios que logo non se cumplen, inversións que non se fan e servicios que se reducen. O BNG promoverá e respaldará sempre políticas municipais progresistas de apoio á economía produtiva fronte á especulativa, encamiñadas a xerar riqueza e crear emprego ao tempo que contribúan a fornecer os recursos necesarios para o financiamento municipal. Situacións diferentes esixen ideas e propostas

novas que convirtan o parón urbanístico nunha oportunidade para unha nova política económica que permita manter e afotlar as políticas sociais e de emprego, ao tempo que posibilite un repunte dos ingresos do Concello que establece as súas contas e permita afrontar o futuro con optimismo. Oleiros ten un gran potencial económico e humano. Desenvolveo é o actual reto da política municipal. E aí estará sempre o BNG.

# EDITORIAL

## • Os reinos de taifas

◆ A odiosa trama burocrática creada nas distintas administracións ao amparo de leis e regulamentos que teñen que interpretar decenas de direccións xerais, secretarías e oficinas técnicas dunha rede interminable de delegacións das administracións estatais, autonómicas ou provinciais, así como unhas obsoletas redes colexiais de visados, certificados etc., son as principais causas que provocan o paro no noso país.

As últimas empresas que se situaron no polígono de Iñas, despois de adquirir os solares regulados a través do Plan xeral e Plan parcial, co visto e prace de 23 administracións públicas, tiveron que pasar por un vía crucis de máis de tres anos ata conseguir as licenzas necesarias para poder construír e tamén por un calvario dun ano máis para abrir as portas e poder contratar o persoal.

Así, cada “reyezuelo” desta maraña de reinos de taifas, facendo render acatamento ao que eles consideran plebe, “xustifica” o seu pan de cada día sen importarlle quen paga o que el come ou se a cidadanía vai ter pan para levar á boca.

Na actualidade, e despois da aprobación do Plan xeral de Oleiros o 12 de marzo de 2009, tres actuacións urbanísticas que levarán a cabo un investimento de máis de 16 millóns de euros non teñen máis que trabas e retrasos nos prazos

para a súa execución. O campo de golf, cun investimento de máis de seis millóns de euros na súa primeira fase, o hotel que irá na finca do antigo Maxi con 7 millóns de euros e un centro comercial en Bastiagueiro, con máis de 3 millóns, viven o seu particular martirio.

Tres proxectos que en construcción darían traballo durante máis de dous anos a decenas de empresas e persoas, coa creación de máis de 100 postos de traballo fixo cando abran as súas portas, están paralizados por unha administración obsoleta e ruinosa.

Estes atrancos administrativos para poñer en marcha proxectos dos que depende a creación de tantos postos de traballo, o pan de tantas familias, teñen que rematar. Se as chamadas “políticas activas” de creación de emprego do PP e do PSOE non son máis que venda de fume, desde a sociedade civil debemos esixirrlles que polo menos o seu aparato burocrático, tan custoso, non supoña un atranco para a dinámica da vida municipal. Esa obstrucción gratuita á xeración de proxectos que supoñen riqueza e valor engadido na vida dun pobo, esa obstaculización con prexuízos obxectivables se é un xeito de prevención que merecería condena para os responsables ben por conduta dolosa, ben por omisión do seu deber.

RADIOLEIROS por directa e inmediata

**101.5 FM** → para informar, para falar, para escutar,  
para entreter, para acompañar, para ti

■ Todos os días ■ Toda a información ■ A TÚA RADIO

# O Concello leva a cabo un Plan de mellora da seguridade viaria en todo o municipio



◆ O Concello está a elaborar un Plan de mellora da seguridade viaria nas vías urbanas do municipio. Neste plan prevese a redución da velocidade dos automóbiles en diferentes núcleos do concello. O principal obxectivo é garantir a seguridade dos peóns e mellorar a calidade de vida dos veciños e veciñas. Son moitas as solicitudes que ao longo deste ano se realizaron por parte de entidades veciñais e particulares para solicitar unha mellora da seguridade viaria.

As principais medidas adoptadas neste plan municipal de mellora da seguridade viaria consistirán na dotación de pasos de peóns elevados sobre a rasante das vías. Esta medida, ademais de garantir a prioridade de paso dos peóns vai contribuír a reducir a velocidade de tránsito dos vehículos motorizados nas zonas onde se van instalar. Así mesmo, procederase a mellorar a sinalización vertical e a iluminación dos citados pasos. As medidas afectarán á totalidade das parroquias do municipio.

## O Goberno local amplía a vía pública nas Pedreiras, en Xoez

◆ O Goberno local ampliará a vía pública na zona coñecida como o camiño das Pedreiras, no casco urbano de Xoez, na localidade de Mera. Este camiño contaba con varias zonas nas que o ancho non alcanza os tres metros. Esta obra, que se realizará co visto e prace das persoas propietarias dos inmobles lindeiros, quen ademais puxeron parte dos seus terreos a disposición do Concello para acometer os traballos, mellorará os accesos ao núcleo histórico de Serantes.

## Renovado o pavimento nas rúas Rosales e Niños

◆ O Concello de Oleiros repuxo o pavimento nas rúas Rosales e Niños, ambas na parroquia de Perillo, a primeira situada no contorno da avenida Che Guevara, e a segunda na zona de Bastigueiro. Esta obra, incluída no POS (Plan de Obras e Servizos) lévase a cabo con varios meses de retraso por culpa dun erro burocrático que obligou a repetir o proceso de contratación.

## O Concello constrúe un parque infantil no Valiño e dota a praza Ana Kiro con equipos biosaudables ▼

◆ O Concello de Oleiros construíu un parque infantil na urbanización O Valiño. Este novo equipamento completa a calidade de vida nunha zona onde se concentra un gran número de familias con fillos e fillas de curta idade. O parque está situado sobre unha antiga pista recreativa, cuxo contorno tamén foi mellorado.

Por outro lado, o Concello dotará a zona verde anexa á praza Ana Kiro, na localidade de Mera, cunha serie de equipos biosaudables que permitirán realizar exercicio físico. Este equipamento está destinado principalmente ás persoas maiores desta zona.

# As beirarrúas de Espoz y Mina mellorarán as comunicacíons en Iñás ▼

◆ As beirarrúas que o Concello está construíndo na rúa Espoz y Mina mellorarán sensiblemente a comunicación dos veciños e das veciñas de Iñás co resto do municipio. Esta importante obra, que supuxo un investimento de 172.000 euros, inclúe a construcción dunha beirarrúa nunha marxe da rúa Espoz y Mina, desde a rúa Miranda ata o cruzamento coa rúa Vila, ao longo de 400 metros.

A beirarrúa que se está construíndo ten dous metros de ancho e tamén se habilita un espazo para aparcar de 2,25 metros. Nun tramo da rúa será necesario realizar un recheo e un muro de contención debido á

existencia dun desnivel. Ademais, esta obra inclúe a instalación de oito pasos de peóns que mellorarán sensiblemente a seguridade viaria para os peóns no tránsito desde as localidades da parroquia de Iñás cara á zona do polígono comercial, as inmediacións da N-VI e o resto do municipio.

Estes traballos puidérонse levar a cabo grazas á colaboración das persoas propietarias da zona afectada, que na súa inmensa maioría puxeron a disposición do Concello, a través dun convenio, os terreos necesarios para executar a obra.



## A remodelación da praza da Cultura xa é unha realidade

◆ A remodelación da praza da Cultura, situada na zona vella de Perillo, xa é unha realidade. Esta obra mellora sensiblemente a calidade de vida dos veciños e veciñas da zona. Os traballos consistiron principalmente na urbanización da zona co obxectivo de mellorar un contorno que se atopaba degradado polo uso, ao mesmo tempo que se homoxeneiza coas urbanizacións realizadas nas súas proximidades. Esta actuación incluíu a renovación total do pavimento e a substitución da zona asfaltada por lastro. Ademais, reparouse o mobiliario urbano situado na praza e renovouse a rede de saneamento.

Estes traballos, que supuxeron un investimento total de 85.000 euros, dotaron a zona dun sistema de recollida de augas pluviais, o soterramento de cables aéreos, o soterramento dos colectores para a recollida de residuos urbanos e a restitución da zona verde. Pola súa banda, en canto á mellora da seguridade, o Concello colocou morróns para diferenciar itinerarios de tráfico rodado e tráfico peonil.



# O pavillón da Rabadeira funciona a pleno rendemento tras a súa remodelación ▼



◆ O pavillón da Rabadeira atópase en pleno funcionamento tras a obra de remodelación integral levada a cabo polo Goberno local. Este pavillón, o máis antigo de todo o municipio, foi remodelado por completo ao longo dos meses de verán do pasado ano para non dificultar o desenvolvemento do curso escolar, tal e como solicitara a Dirección do centro escolar anexo.

Os traballos incluíron a instalación dun novo parque con tarima flotante, o que contribúe en gran medida a mellorar o illamento, a colocación de novas ventás grandes que aumentan a luminosidade, á vez que tamén melloran sensiblemente as condicións de illamento térmico. Así mesmo,

renovouse por completo o teito, os servizos e vestuarios e instaláronse paneis solares para contribuír ao abastecemento de enerxía.

Estas melloras posibilitaron que o edificio se converta nunha instalación eficiente que permita aforrar máis dun 50% do gasto enerxético respecto ao consumo que tiña antes da remodelación. O investimento municipal nesta obra foi de 290.000 euros. A instalación estará dispoñible para os escolares en horario de mañá e para os veciños e veciñas que soliciten o seu uso en horario de tarde. Ademais o complexo alberga competicións oficiais de varias disciplinas deportivas, así como os adestramentos cotiáns de varios clubs do municipio.

## O Concello reforma a casa Labarta e a adapta para que sexa escola infantil



◆ O Concello de Oleiros reformou por completo a escola da Braña en Mera. Este inmoble, que xa funcionou no pasado como escola unitaria, pode aloxar agora unha escola infantil dedicada a nenos e nenas de 0 a 3 anos, e deste xeito cubrir a urgente necesidade de prazas deste tipo que sofre o noso municipio, especialmente na zona norte.

O investimento total nestes traballos foi de 240.000 euros. Para iso, serviu-se de recursos propios e de fondos derivados da UE a través da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural. Ademais de levar a cabo esta importante mellora, o Goberno local solicitou a principios de ano á Consellería de Benestar Social que dotase o centro de persoal necesario para que puidese iniciar a súa actividade como escola infantil o pasado setembro, pero a Xunta ignorou a demanda do Concello. A falta de prazas escolares deste tipo no noso municipio é un problema grave. Un total de 270 nenos e nenas quedaron este curso sen praza e en lista de espera.

## O Concello amplía a biblioteca de Lorbé ▼

◆ O Concello de Oleiros levou a cabo unha reforma integral da biblioteca municipal de Lorbé. Esta obra permitiu duplicar a superficie da sala de lectura que antes contaba con 40 metros cadrados aproximadamente e agora dispón de preto de 80. Con esta obra de renovación e mellora incrementáronse o número de puntos de lectura e dotouse a sala dun espazo diáfano no que se poden levar a cabo sesións de conta-contos e outro tipo de actos.

Así mesmo, a biblioteca municipal de Lorbé foi dotada cun novo sistema eléctrico que permitiu a instalación de luminarias de alta

eficiencia, o que depara un considerable aforro enerxético. Por outra parte, mellorarase o sistema de calefacción e o illamento térmico para dotar a instalación dunha maior comodidade.

Os traballos leváronse a cabo co persoal de Servizos Municipais, do mesmo modo que se fixo na obra de renovación da biblioteca da casa do pobo de Nós. Isto permitiu un importante abaratamento da obra e axilizou a realización dos traballos. O investimento municipal nestes traballos superou os 20.000 euros.


# O soterramento de contedores na avenida de Santa Cristina mellora sensiblemente a calidade de vida na zona ▼

◆ O soterramento de contedores de lixo realizado polo Goberno local na avenida Santa Cristina mellora sensiblemente a calidade de vida neste núcleo de Perillo. As condicións de recollida e almacenamento temporal de refugallos transformáronse por completo con estes traballos á vez que se logrou mellorar esteticamente este turístico lugar do municipio.

A obra consistiu fundamentalmente na instalación de catro puntos de contedores subterráneos distribuídos ao longo de toda a avenida. Deste

modo instaláronse módulos subterráneos nas confluencias da avenida coa rúas Peixe, Rafael Alberti, Xuncal e Humboldt. O investimento total nesta importante obra foi de 139.820 euros.

Deste modo, absolutamente todos os contedores da avenida están ocultos baixo terra e na parte superior só se poderá apreciar unha plataforma rectangular onde se sitúa a caixa de entrada de residuos. Do mesmo modo que no centro da localidade de Santa Cruz, onde o Concello levou a cabo esta obra recentemente.



## O centro de Santa Cruz mellora a súa cara e axiliza o tráfico

◆ O reordenamento do tráfico efectuado polo Goberno local hai uns meses xunto coa obra de soterramento de contedores de lixo, que se concluíu o pasado mes de outubro, mellorou sensiblemente a calidade de vida dos veciños de Santa Cruz e de todos aqueles que transitan por esta localidade. Ademais da importante axilización do tráfico lograda co cambio de dirección, as obras realizadas en Santa

Cruz permitiron renovar o pavimento das beirarrúas e canalizar diferentes servizos de suministación como o de electricidade, telefonía, iluminación ou auga. Así mesmo, colocáronse cinco novos puntos de recollida de lixo soterrados, eliminando os contedores da superficie. Colocáronse dous depósitos subterráneos nas rúas Viñas de Babilonia, Concepción Arenal, Ricardo Cubeiro e na avenida Emilia Pardo Bazán.



# O Concello de Oleiros pon á venda 7 parcelas urbanas na urbanización Punta Canide ▼



◆ O Concello de Oleiros vende 7 parcelas urbanas na urbanización Punta Canide. Estes terreos urbanos atópanse nunha localización inmeillorable, fronte a unha zona verde a carón do mar nunha das mellores zonas residenciais da comarca. A superficie das fincas é de 544 metros cadrados cada unha e teñen unha edificabilidade de 325 metros cadrados.

Os prezos de licitación oscilan entre os 218.645 e 240.510 euros co IVE incluído, ao quedar deserta a licitación anterior as parcelas adxudícanse no prezo tipo. O prazo para presentar as ofertas está aberto. Aquelas persoas interesadas poden solicitar máis información na Secretaría Xeral do Concello ou a través do portal web municipal.

# O Concello solicita ante a UE a declaración de lugar de interese comunitario do contorno do castelo de Santa Cruz e da lagoa de Mera ▼

◆ O Goberno local do Concello de Oleiros iniciou os trámites para solicitar ante a Unión Europea a declaración de lugar de interese comunitario do contorno do castelo de Santa Cruz e da lagoa de Mera. Esta declaración como zona de interese comunitaria suporía a posibilidade de acceder a novas liñas de financiamento para a conservación e a mellora destes paraxes do noso municipio. Estes espazos denominánsanse formalmente LIC, Lugares de Importancia Comunitaria. Os LIC de toda a Unión Europea conforman a denominada Rede NATURA 2000. Os LIC son oportunidade de futuro, pois indican que temos a sorte de vivir nunha contorna onde áinda quedan zonas naturais de altísimo valor, das que podemos gozar, que son o noso patrimonio, e que son indicadores de calidade ambiental e de saúde e riqueza potencial, dignos de estar entre os índices de desenvolvemento dun país.



# Oleiros apostea pola sustentabilidade ▼

◆ Oleiros impulsa o proxecto da primeira candidatura á Reserva Mundial da Biosfera da provincia da Coruña co resto de concellos da Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos. A través da Reserva da Biosfera o noso municipio terá a oportunidade de seguir avanzando nun modelo de desenvolvemento sustentable protexendo os nosos ecosistemas naturais e fomentando a actividade económica produtiva do territorio, no que están involucrados os 16 concellos de Mariñas-Betanzos.

En Oleiros xa temos unha grande extensión protexida polo Plan xeral. Desde o Monumento Natural da Costa de Dexo-Serantes,

incluída na Rede Natura 2000 pasando polo parque metropolitano, ata todas aquellas zonas protexidas pola súa masa forestal a interrelación coas augas ou a paisaxe que forman.

O benestar ambiental abrangue os grandes parques, os pequenos xardíns que nos rodean, os corredores verdes como os novos parques que arrouparán a costa (O Graxal, Beiramar, Naval, Breixo-Santa Ana) ou o paseo fluvial entre Iñás e O Seixal. O próximo ano o Concello intentará poñer en valor algunha destas zonas coa figura de ENIL (Espazo Natural de Interese Local) que non varía os usos que ten o territorio a través do PXOM.



## O Concello prevé aforrar máis dun 30% no consumo eléctrico ao longo dos próximos anos

◆ O Goberno local do Concello de Oleiros prevé aforrar máis dun 30% do consumo eléctrico ao longo dos próximos anos. Para chegar a este obxectivo, que podería ser unha realidade nun prazo de 2 anos, o Goberno conta cunha folla de ruta que inclúe varias liñas de traballo. Por un lado, estanse a implantar as medidas propostas pola auditoría enerxética, estase á procura de lograr un abaratamento da tarefa coa entrada no mercado libre xunto co resto de municipios do Consorcio As Mariñas e estase a dotar os equipamentos municipais con sistemas de enerxía solar térmica.

Tras a auditoría enerxética realizada polo Concello nos pasados meses, o Goberno local contratou a finais de ano un técnico especializado para implantar as medidas de aforro ás que se chegou neste pormenorizado estudo. A posta en marcha destas medidas, entre as que se atopan a introdución da tecnoloxía led, a instalación de redutores de fluxo e o uso de reloxos astronómicos, permitirá un aforro de máis de 300.000 euros ao ano. Ademais, o Concello está a manter unha reunión co resto de municipios do consorcio para sacar a contratación de forma conxunta o servizo de abastecemento do fluído eléctrico. Esta medida, que significaría a entrada no mercado libre, permitirá un aforro do 10% ou 12%, segundo sinalan os técnicos.

Outra medida que permitirá incrementar sensiblemente o aforro enerxético é a instalación de sistemas de enerxía solar térmica nos equipamentos municipais. Como exemplo desta medida de eficiencia enerxética está o novo pavillón da Rabadeira, que a través da instalación destes paneis conseguiuse aforrar o 100% do gasto no sistema e auga quente. Outros edificios municipais que disponen deste tipo de sistemas son o complexo deportivo de Dorneda ou a nova sede da Escola Municipal de Danza. Así mesmo, o centro de formación Isaac Díaz Pardo tamén conta cun sistema de enerxía solar térmica. Ademais, neste centro estase a impartir un curso para formar persoal especializado na instalación destes sistemas.



■ A posta en marcha destas medidas, entre as que se atopan a introdución da tecnoloxía led, a instalación de redutores de fluxo e o uso de reloxos astronómicos, permitirá un aforro de máis de 300.000 euros ao ano.

**As pintadas,  
os estragos no mobiliario,  
a degradación da paisaxe,  
as agresións ambientais...**

**SON RESPONSABILIDADE  
DUNS POUcos**



**Os parques, as prazas,  
as rúas, as praias,  
o concello...**

**É PATRIMONIO  
DE TODOS**

# Oleiros continúa a ser o concello da comarca cos impostos máis baixos

◆ A pesar da actualización do IPC de varias taxas municipais que o Pleno levou a cabo o pasado mes de setembro, Oleiros continúa a ser o municipio da comarca cos impostos e taxas más baixas. Claro exemplo disto é o custo en euros que ten o **servizo de abastecemento de augas**. A pesar da necesaria revisión que se levou a cabo nesa sesión plenaria onde se incrementou un 5,26% o custo do servizo, Oleiros continúa a ter a auga más barata da comarca. O custo ao trimestre de 27 metros cúbicos en Oleiros é de 11,41 euros, moi por debaixo dos

12 euros de Cambre, os 14,21 de Culleredo, os 15,28 de Arteixo, os 18,54 da Coruña ou os 20,66 de Bergondo e os 22,61 euros de Sada.

A comparativa continúa sendo claramente favorable a Oleiros para o dobre do consumo. Mientras que un veciño de Oleiros paga 22,81 euros polo consumo de 57 metros cúbicos, en Cambre pagase 25,68 euros, na Coruña 28,34, en Arteixo 30,84, en Bergondo 32,66, en Culleredo 33,11 e en Sada 35,51 euros.

Nº m <sup>3</sup> trimestre	CUSTO DA AUGA EN EUROS, AO TRIMESTRE						
	OLEIROS	ARTEIXO	CAMBRE	CULLEREDO	A CORUÑA	BERGONDO	SADA
0	11,41 €	10,74 €	12,00 €	14,21 €	12,21 €	20,66 €	22,61 €
5	11,41 €	11,46 €	12,00 €	14,21 €	13,08 €	20,66 €	22,61 €
18	11,41 €	13,32 €	12,00 €	14,21 €	15,35 €	20,66 €	22,61 €
27	11,41 €	15,28 €	12,00 €	14,21 €	18,54 €	20,66 €	22,61 €
30	12,67 €	16,71 €	12,00 €	16,31 €	19,60 €	20,66 €	22,61 €
40	16,90 €	21,48 €	17,70 €	23,31 €	23,14 €	25,66 €	27,99 €
54	22,81 €	30,84 €	25,68 €	33,11 €	28,34 €	32,66 €	35,51 €
70	35,31 €	43,25 €	34,80 €	44,31 €	34,42 €	42,26 €	44,11 €
80	43,12 €	51,00 €	40,50 €	51,31 €	38,23 €	48,86 €	49,49 €
90	50,93 €	58,76 €	46,20 €	58,31 €	42,03 €	55,46 €	54,86 €
108	64,99 €	78,08 €	65,82 €	70,91 €	48,88 €	67,34 €	64,54 €
120	76,47 €	90,97 €	78,90 €	79,31 €	53,44 €	75,26 €	70,99 €
130	86,03 €	101,70 €	89,90 €	86,31 €	57,25 €	81,86 €	76,37 €

■ Comparativa do custo do servizo de abastecemento de augas en Oleiros en 2012 en relación a outros municipios da comarca segundo a súa tarifa de 2011

## Revisión do IPC noutras taxas

◆ Ademais da taxa do servizo de abastecemento de auga revisáronse outras taxas que levaban sen actualizarse desde o ano 2008, polo que o incremento foi o correspondente ao IPC comprendido entre xuño de 2008 e xullo deste ano, un 4,4%. Entre estas atópanse a taxa por licenzas de auto-turismos e vehículos de aluguer, a taxa do cemiterio municipal, a taxa de lixo e a taxa por entrada de vehículos desde a vía pública a edificacións, locais e solares e das reservas da vía pública para entrada, aparcadoiros exclusivos e carga e descarga de mercancías de calquera clase.

Pola súa parte, e tamén correspondente ao incremento do IPC atrasado, a ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola prestación do servizo de venda de produtos derivados do material cartográfico municipal subirá un 3,9%. Ademais destas ordenanzas fiscales que levaban sen actualizarse desde o 2008 revisaranse dúas ordenanzas que cuxo importe non se actualiza desde hai máis anos. Trátase da taxa por ocupación de terreos de uso público con mercancías, materiais de construcción e da taxa por instalación de terrazas en locais de hostalería que soben un 33,2%. A pesar desta subida ambas seguen a atoparse entre as más baratas da comarca. Así mesmo, o pleno decidiu crear unha nova taxa pola prestación do servizo de celebración de vodas e acollementos civís por un importe de 120 euros.

## Ademais...o próximo 1 de marzo ábrese o primeiro prazo do calendario fiscal de 2012


◆ O Concello de Oleiros abrirá o próximo 1 de marzo o primeiro prazo do calendario fiscal de 2012. A este período, que permanecerá aberto ata o 30 de abril, corresponden os pagamentos do imposto sobre os vehículos e tracción mecánica (IVTM), a taxa por entrada de vehículos e espazos reservados (VAOS), a taxa de cemiterios municipais e a taxa por ocupación de terreos públicos con mesas e cadeiras con finalidade lucrativa, é dicir, as terrazas de hostalería.

# Comeza a funcionar o servizo de lacería consorciado ▼

♦ O pasado 1 de novembro comezou a funcionar o servizo de lacería e canceira para o conxunto dos nove municipios da comarca que conforman o Consorcio As Mariñas. Esta nova instalación encargarase da recollida de animais domésticos, feridos ou enfermos das vías públicas, así como os falecidos procedentes de clínicas ou particulares, 24 horas ao día, os 365 días do ano. Ademais, este servizo conta cun hotel para cans e animais de compañía, onde se custodia e ofrece coidados alimenticios e hixiénico-sanitarios ás mascotas cuxos propietarios se atopen ausentes dos seus domicilios por vacacións ou outros motivos. As instalacións deste centro atópanse situadas na parroquia de Limiñón, no municipio de Abegondo.

A creación deste servizo consorciado vai liquidar un grave problema, ademais permite reducir os altos custos que ata agora supuña a retirada de animais da vía pública e que tiña un custo de 150 euros para os veciños e veciñas, polos 43 euros que se pagará agora polo mesmo servizo, é dicir, un 73 por cento menos.


A posibilidade de contar cun servizo de aloxamento temporal para cans e gatos abre a porta a unha nova prestación moi económica para as persoas usuarias que, como xa se mencionou anteriormente, permite albergar as mascotas por un custo de catro euros diarios con manutención incluída. Así mesmo, o centro presta outros servizos como implantación de microchip, vacinas ou xestión de adopcións.



## Tarifa de servizos

● Recollida de animais da vía pública.....	<b>43 euros</b>
● Estancia, manutención e custodia por día.....	<b>4 euros</b>
● Entrega dun animal por particular.....	<b>52 euros</b>
● Entrega de dous ou máis cachorros.....	<b>28 euros</b>
● Adopción.....	<b>54 euros</b>
● Microchip.....	<b>35 euros</b>
● Vacina.....	<b>21 euros</b>
● Incineración ata 25 quilos.....	<b>29 euros</b>
● Incineración de 26 a 40 quilos.....	<b>36 euros</b>
● Incineración máis de 40 quilos.....	<b>50 euros</b>
● Transporte de animais vivos ou mortos.....	<b>31 euros</b>

## Como chegar ao centro canino:



**Se tes can, tes obrigas**

**LEVA BOLSA E CORREA**

# O Pleno do Concello aproba o Orzamento xeral para o 2012

♦ O Pleno do Concello aprobou por maioría absoluta, cos votos a favor de Alternativa dos Veciños, a abstención do PSOE e do BNG e co voto en contra do PP, os orzamentos que rexerán a vida do Concello durante o ano 2012. Por primeira vez, e grazas á maioría absoluta outorgada ao Goberno local polos veciños e veciñas de Oleiros, o municipio contará cun orzamento que entre en funcionamento o próximo día 1 de xaneiro.

Debido á situación de crise que o país está a sufrir, o que provoca a minoración dos ingresos provenientes do Estado, do Goberno autonómico e doutras administracións, como a europea ou a Deputación, este orzamento vese reducido en dous millóns de euros en relación ao anterior documento. Ademais, algunha das partidas poderíase ver modificada á baixa en función dos recursos que o Concello ten previsto ingresos a través dos fondos europeos solicitados mediante

programas consorciados con outros municipios da comarca. Como será o caso da creación dun paseo fluvial desde a parroquia de Iñás ata o Seixal ou a creación de vinte oficinas para persoas emprendedoras nas naves das que xa dispón o Concello no polígono comercial de Iñás.

O orzamento non minora en absoluto ao do ano anterior respecto ao mantemento de servizos xerais como limpeza das vias públicas, parques, edificios públicos, mantemento da rede de saneamento de augas, iluminación pública, etcétera. Tampouco reduce un ápice os investimentos para actividades educativas, culturais, sociais e deportivas levadas a cabo directamente polo Concello, como aquelas outras que realizan o amplo colectivo de entidades veciñas, os clubs deportivos, as ANPA e as asociacións culturais. Si haberá un axuste de gastos, evitando gastos innecesarios e que non repercuten no beneficio da comunidade.

## O orzamento de 2012 supera os 26 millóns de euros

- O orzamento para o 2012 queda fixado en 26.084.225 euros, o que supón un 6,56 por cento menos que o 2011 debido, como xa se sinalou con anterioridade, á diminución dos ingresos provenientes do Goberno do Estado e autonómico, así como unha minoración importante dos ingresos municipais por licenzas de obra, plusvalías e outros ingresos relacionados coa construcción. Os ingresos previstos son os que se amosan no seguinte cadro:



TOTAL INGRESOS	EUROS
CAP. 1 IMPOSTOS DIRECTOS	9.025.000,00
CAP. 2 IMPOSTOS INDIRECTOS	750.000,00
CAP. 3 TAXAS E OUTROS INGRESOS	4.043.370,00
CAP. 4 TRANSFERENCIAS CTES.	8.287.265,00
CAP. 5 INGRESOS PATRIMON.	385.100,00
CAP. 6 VENDA DE BENS	1.134.190,00
CAP. 7 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	2.419.300,00
CAP. 8 ACTIVOS FINANCIEROS	40.000,00
CAP. 9 PASIVOS FINANCIEROS	0,00
<b>TOTAL ORZAMENTO</b>	<b>26.084.225,00</b>

Previsión de ingresos ▲


- Respecto aos gastos, na distribución que presenta o documento confeccionado polo Goberno local, primase o gasto corrente que se dedica ao mantemento dos múltiples servizos que o Concello presta, así mesmo a conservación das infraestruturas, edificios e instalacións públicas e as actividades sociais, culturais, educativas e deportivas e que no orzamento se recolle no capítulo II, baixo a denominación de gastos correntes. O segundo concepto que máis investimento supón por parte do Concello é o de persoal, que se minora un 9,19 por cento en relación ao ano anterior.

A pesar da crise e da falta de recursos para investimentos reais, é dicir en novas obras e infraestruturas, que experimentan un recorte do 18,87 por cento, esta partida é a terceira de máis importancia no orzamento. As previsiones do Goberno local centrán o gasto no remate das obras de construcción de beirarrúas e ampliación de calzada nas rúas Pilar Estévez Diéguez, A Seara e en obras que se cofinancian con fondos Feder da Unión Europea, así como a creación de novas instalacións deportivas en Dorneda e Mera. A realización destas novas infraestruturas están condicionadas á aprobación do financiamento europeo a través dos fondos destinados a investimentos municipais e aos convenios urbanísticos. Este concepto dentro do orzamento é o denominado no capítulo VI, Investimentos reais. Por último, o capítulo de gastos financeiros ten un aumento considerable. Este aumento débese a actuacións puntuais que o Goberno local ten que facer para manter ao día o pagamento ás empresas subministradoras.

TOTAL GASTOS	EUROS
CAP. 1 GASTOS DE PERSONAL	8.810.253,00
CAP. 2 BENS CORRENTES	10.221.121,00
CAP. 3 GASTOS FINANCIEROS	431.120,00
CAP. 4 TRANSFERENCIAS CORRENTES	894.231,00
CAP. 6 INVEST. REAIS	4.692.500,00
CAP. 7 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
CAP. 8 ACTIVOS FINANCIEROS	40.000,00
CAP. 9 PASIVOS FINANCIEROS	995.000,00
<b>TOTAL ORZAMENTO</b>	<b>26.084.225,00</b>


Previsión de gastos ▼

## ORZAMENTO DE GASTOS



- CAP. 1 GASTOS DE PERSONAL
- CAP. 2 BENS CORRENTES
- CAP. 3 GASTOS FINANC.
- CAP. 4 TRANSFERENCIAS CTES.
- CAP. 6 INVEST. REAIS
- CAP. 9 PASIVOS FINANCIEROS

## ORZAMENTO DE INGRESOS



## O aforro enerxético, un investimento prioritario

O Goberno local está facendo un importante esforzo para aforrar gastos en enerxía eléctrica: iluminación pública, bombeos, estacións depuradoras, edificios municipais, etcétera. Este aforro dedúcese dunha auditoría enerxética encargada polo Concello e onde se sinala que se pode chegar a reducir o consumo de fluído eléctrico un 30 por cento, o que suporía un aforro de máis de 360.000 euros anuais. O Concello nestes momentos está a aborar ás empresas de subministración eléctrica máis de 100.000 euros mensuais.

Outros conceptos que gravan as arcas municipais son os servizos que o Concello está sufragando e que son competencia exclusiva da Xunta de Galicia, como é o mantemento de centros de saúde, centros de día, determinados servizos sociais e o transporte público. Só neste último servizo o Concello está a asumir un investimento de máis de 230.000 euros anuais, polo que se están a tomar medidas para que a Xunta asuma as súas obrigas e libere o Concello de gastos que non lle corresponden.

## Amplíanse as instalacións de Servizos Sociais e trasládanse á Fábrica os departamentos de Ensino e Cultura ▼

◆ A partir do próximo 1 de xaneiro desaparece o Organismo Autónomo Municipal de Cultura integrando dentro do organigrama municipal as distintas áreas que dependían do dito organismo. Deste xeito, Cultura e Ensino deixarán de desenvolver a súa actividade no edificio Obelisco, en Oleiros, para prestar servizo no complexo cultural A Fábrica, onde o Concello habilitou unhas novas dependencias en parte do espazo liberado polo traslado da sede da Escola Municipal de Danza e no edificio anexo que xa era utilizado por Deportes e Xuventude. Pola súa parte o espazo liberado polos departamentos de Ensino e Cultura no edificio Obelisco destínanse a ampliar as instalacións do departamento de Servizos Sociais, que ata a data desenvolvían a súa actividade neste complexo, pero en situación precaria debido á falta de espazo.



## O Concello inviste máis de 3,7 millóns de euros en contratar empresas de servizos municipais ▼

◆ Ademais da prestación directa de servizos que o Concello de Oleiros atende co cadro de persoal e que conta cun total de 23 limpiadoras que se encargan de edificios públicos e outros 47 traballadores e traballadoras que se ocupan do mantemento de xardíns, servizos de mantemento, camiños, edificios municipais e iluminación pública; o Concello ten contratadas diversas empresas de prestación de servizos, o que supón un investimento total de 3.754.155 euros ao ano e que se encargan das seguintes tarefas:

● Xestión do servizo de auga potable.....	550.038 euros ao ano
● Servizo de retirada de vehículos da vía pública.....	99.996 euros ao ano
● Servizo público de limpeza viaria.....	424.632 euros ao ano
● Servizo de información telefónica ao veciño.....	48.946 euros ao ano
● Limpeza e desatranco da rede de sumidoiros.....	60.569 euros ao ano
● Empresa que desenvolve o programa de actividade física para maiores.....	17.000 euros ao ano
● Empresa encargada de desenvolver o proxecto Oleiros cara á administración electrónica.....	205.000 euros ao ano
● Arrendamento de equipos de radiocomunicación dixital para a Policía Local e o Servizo Municipal de Emerxencias.....	30.672 euros ao ano
● Servizo de actividades ocupacionais de Servizos Sociais.....	48.185 euros ao ano
● Servizo de Axuda no Fogar e Comida sobre Rodas.....	538.297 euros ao ano
● Limpeza viaria de novas zonas do municipio.....	254.520 euros ao ano
● Servizo de limpeza para escolas infantís.....	79.026 euros ao ano
● Mantemento de xardíns e zonas verdes do municipio.....	736.194 euros ao ano
● Servizo de monitorado para o programa de excursionismo para persoas maiores.....	30.564 euros ao ano
● Mantemento das estacións depuradoras e bombeos de augas residuais.....	366.663 euros ao ano
● Servizo de telefonía e servizo de datos.....	64.529 euros ao ano
● Servizo de roza en vías municipais.....	63.916 euros ao ano
● Mantemento e limpeza de praias.....	135.408 euros ao ano
<b>● TOTAL .....</b>	<b>3.754.155 euros</b>

**A UTILIZACIÓN DO PUNTO LIMPO NON É UNHA ALTERNATIVA, É UNHA OBRIGA. ÚSAO**

**HORARIOS:** de luns a venres, de 09:30 h a 13:00 h e de 15:30 h a 19:00 h • **Sábados:** de 09:00 h a 14:00 h

# O Centro Municipal de Formación Isaac Díaz Pardo loita contra o desemprego ▼



◆ O Centro Municipal de Formación Isaac Díaz Pardo está a facer un importante traballo na loita contra o desemprego. Desde este servizo municipal impartíronse ao longo de 2011 un total de cinco cursos de formación que contaron con máis de 4.000 horas lectivas. Durante este ano formouse persoal en oficios como cociña, ebanistería, montaxe de instalacións solares térmicas, xardinería e escaiola. En total, 75 alumnos e alumnas que regresan ao mercado laboral cunha formación en sectores estratégicos que facilitará a súa contratación. Estes cursos leváronse a cabo cofinanciados polo propio Concello, a Xunta de Galicia e o Fondo Social Europeo.

Nestes momentos, o alumnado dos cursos de formación para o emprego

impartidos este ano no Isaac Díaz Pardo están rematando a súa formación. Na actualidade, atópanse no proceso de prácticas en empresas, onde teñen a oportunidade de completar os seus coñecementos e entran en contacto co mundo laboral.

De cara ao próximo ano, o Concello de Oleiros solicitou un total de 8 novos cursos. Ademais dos cursos que foron un éxito este ano, cociña, ebanistería, montaxe de instalacións solares térmicas, xardinería e escaiola, o Isaac Díaz Pardo solicitou os cursos de formación en financiamento de empresas, de 648 horas, un curso de instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes, de 470 horas e un curso de instalación e montaxe de mobles.

## Oleiros asesora persoas emprendedoras ▼

◆ O Concello de Oleiros conta cunha oficina de asesoramento a novas persoas emprendedoras. No que vai de ano, este servizo municipal asesorou máis de 140 proxectos de veciños e veciñas coa intención de crear autoemprego. A pesar da actual situación de crise, este ano batérонse todos os rexistros de asesoramento ao ser o ano con máis iniciativas empresariais asesoradas desde que comezou a funcionar este servizo municipal.

Aquelas persoas interesadas en poñer en marcha o seu propio negocio poden contactar co Servizo Municipal de Asesoramento a Emprendedores chamando ao Centro Municipal de Formación Isaac Díaz Pardo, a través do portal web municipal ou do enderezo de correo electrónico cmf@oleiros.org.

## A oficina de información turística de Santa Cristina atendeu o pasado verán preto de 2.000 visitas presenciais ▼

◆ O turismo no noso municipio increménțase de forma progresiva, verán tras verán. Como proba diso, destaca o traballo da oficina de información turística de Santa Cristina que atendeu preto de 2.000 peticións de información presencial durante o pasado verán de 2011. Un dos datos más destacables de acordo coas entrevistas realizadas entre demandantes de información turística é o que reflicte que as persoas que se hospedaron en Oleiros teñen unha estancia media de 6,1 días. O perfil de turista que visita Oleiros é maioritariamente o dunha familia ou dun grupo de 3 ou máis membros procedentes de España, maioritariamente da nosa comunidade autónoma, aínda que cunha porcentaxe similar de viaxeiros procedentes de Madrid. A maioría asegura que visitaba Oleiros aconsellado por familiares ou amigos. Pola súa parte, as persoas estranxeiras que solicitan información, representan algo máis do 10% e proceden de forma maioritaria de países da Unión Europea, principalmente dos más próximos ao noso contorno, como Francia, Inglaterra e Portugal.



# Oleiros pon en marcha unha escola para pais e nais para axudar no proceso educativo ▼

◆ O departamento de Xuventude do Concello de Oleiros pon en marcha unha escola para pais e nais que ten por obxectivo intentar solucionar os posibles problemas que se poidan atopar no proceso educativo dos seus fillos e fillas: neste interesante programa trataranse desde normas e límites, pasado pola comunicación entre pais e fillos, a educación en valores, prevención e riscos, así como todos aqueles temas que as persoas participantes decidan tratar. As sesións serán dirixidas por persoal especializado en cada un dos temas a tratar. E terán lugar no Centro Municipal de Formación Isaac Díaz Pardo, dos Regos.

En total, levaranse a cabo dúas escolas de pais, unha dirixida a todos os pais e nais con rapaces ou rapazas entre 8 ata 12 anos e outra para os pais e nais daqueles rapaces de 12 ata 18 anos. As sesións terán lugar cada mes durante 2 horas, en total serán 5 sesións e a 6 será conjunta para todas as persoas participantes e consistirá nunha mesa redonda. As sesións serán os segundos martes de cada mes a partir do próximo mes de xaneiro para primaria. É dicir, o 10 de xaneiro, o 14 de febreiro, o 13 de marzo, o 10 de abril e o 8 de maio en horario de 20.00 a 22.00 horas. Para secundaria, as sesións terán lugar o cuarto xoves do mes: o 27 de xaneiro, o 24 de febreiro, o 23 de marzo, o 27 de abril e o 25 de maio. Ademais terá lugar unha mesa redonda sobre este tema o xoves 7 de xuño ás 20.00 horas no auditorio da Fábrica. As inscricións poden facerse no Centro de Información Xuvenil, chamando ao teléfono 981 636 598, ou ben a través do correo: c.xuventude@oleiros.org.



## Os puntos de asesoramento do Programa de educación para a saúde e prevención de drogas e alcohol están en pleno funcionamiento ▼



◆ Os puntos de asesoramento para pais e nais, así como os puntos de asesoramento para rapaces e rapazas xa se atopan en funcionamento. Estes puntos de asesoramento engárcanse dentro do Programa de educación para a saúde e prevención de drogas e alcohol que o Centro de Información Xuvenil do Concello de Oleiros, situado no complexo cultural A Fábrica, leva a cabo todos os anos co fin de ser un apoio ás familias do municipio. O obxectivo desta iniciativa é desenvolver de forma axeitada as súas funcións educativas e socializadoras, e superar situacións de necesidade e risco social. As sesións son individualizadas e están dirixidas por unha pedagoga.

Co obxectivo de dar maior cobertura ás necesidades da ciudadanía e facilitar a asistencia de todos os vecíños e veciñas, estes puntos de asesoramento do Concello de Oleiros estarán operativos os luns e xoves de 16.30 a 17.30 horas. Todas as persoas interesadas en acudir a estes puntos poden solicitar cita previa no Centro de Información Xuvenil, ou a través do teléfono 981 636 598 ou do correo electrónico: c.xuventude@oleiros.org.

## O Concello celebra as X xornadas académicas

◆ No mes de marzo terán lugar ás X Xornadas de Orientación Académica do Concello de Oleiros, dirixidas ao alumnado de 2º de bacharelato e de 4º da ESO dos centros educativos de Oleiros. O obxecto destas xornadas é resolver as dúbidas das persoas asistentes así como o de presentarles as distintas opcións que poden ter ao remate do seu ciclo académico. As xornadas complétanse cunha charla informativa para os pais destes rapaces e rapazas co fin de colaborar con eles na educación e formación dos seus fillos e fillas.



## DESMÁRCATE, o programa de radio ▼

Todos os xoves de 13:00 a 13:30 h en Radio Oleiros, programa informativo, de entrevistas e de asesoramento no tema da educación para a saúde e a prevención.

**101.5  
FM**

# Oleiros comprometido coa cooperación internacional ▼

◆ O Goberno local de Oleiros sempre fixo da solidariedade un valor fundamental da súa política ao longo dos anos. Por iso, ademais de contar con numerosos e completos programas de axuda e asistencia para os veciños e as veciñas do noso municipio que o necesiten, tamén conta cunha longa traxectoria en proxectos de cooperación internacional a través dos que loita contra a pobreza en distintos lugares de todo o mundo.

Oleiros está a colaborar en sete importantes proxectos de cooperación internacional que levan a cabo entidades de distinto perfil pero cun denominador común, a súa longuísima e contrastada traxectoria no mundo da cooperación. Colectivos como Solidariedade Galega co Pobo Saharauí, co que o Concello participa no programa de Vacaciones en Paz, o Club de Leones da Coruña, co que o Concello pon en marcha unha escola de oficios, ou as Hermanas Mercedarias Misioneras de Bérriz, ás que se está a axudar a ampliar a súa Casa de Paz en Filipinas, son unha mostra disto.

Nestes momentos, o Concello traballa co programa de asistencia sanitaria

especializada, de consulta e formativa nos municipios de Murra, Wiwili de Nueva Segovia e Ocotal, en Nicaragua. Esta importantísima iniciativa, que está sendo levada a cabo por Solidariedade Galega, achega a sanidade a unha das zonas más desfavorecidas de América latina. Tamén no ámbito sanitario se está a traballar coa Asociación Sociocultural Atamán para achegar a sanidade básica ás zonas do terceiro mundo, onde traballa.

No ámbito educativo Oleiros colabora na reparación e no acondicionamento internado de primaria Abel Santamaría Cuadrado, en Cuba, que leva a cabo a asociación coruñesa Rolando Beltrán Hurtado. A través desta iniciativa axúdase ao acondicionamento de dormitorios, baños e da enfermería deste centro educativo. Ademais, contribúese a comprar vestimenta para os nenos e as nenas internas. Tamén no ámbito educativo pero noutra zona do mundo, neste caso en África, o Goberno local contribúe á cobertura de necesidades educativas básicas de nenas e mozas masai rescatadas da mutilación xenital e dos matrimonios tempranos forzados, dentro do tarballo que leva a cabo o colectivo Mundo Cooperante.



■ A ONG Solidariedade Galega coa que coopera o Concello leva a cabo varios proxectos na zona de Nueva Segovia, en Nicaragua

## Oleiros elabora o seu primeiro Plan municipal de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes

◆ O Concello de Oleiros, a través da Concellería de Servizos Sociais, Sanidade e Consumo está a impulsar un ambicioso proxecto estratéxico para os próximos anos, a elaboración do I Plan municipal de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. O compromiso político do Concello de Oleiros co principio de igualdade entre mulleres e homes en todos os ámbitos e a loita contra calquera forma de discriminación ou violencia en materia de xénero ponse de manifesto na posta en marcha deste proxecto, co que se pretende potenciar unha participación equilibrada de mulleres e homes nos distintos espazos e mellorar a calidade de vida de toda a cidadanía.

O Plan pretende ser un instrumento flexible que oriente as políticas municipais nesta materia durante os próximos anos e que se axuste á realidade e ás necesidades reais dos veciños e das veciñas de Oleiros, polo que se vai solicitar a colaboración e a participación da cidadanía neste proceso de construcción, convocando e invitando a realizar achegas tanto ao tecido asociativo, como a partidos políticos e sindicatos, así como ao persoal municipal de todas as áreas.



**Oleiros, comprometido contigo,  
solidario con todos**

# Ocioleiros, divertimento garantido ▼

♦ Na nova edición de Ocioleiros que terá lugar entre os próximos meses de xaneiro e maio, o Goberno local incluirá novas programacións e actividades, conservando aquelas que máis éxito tiveron entre as persoas participantes da pasada edición. Debido á alta cantidade de persoas que se inscriben neste programa municipal e a que os sistemas que se viñan utilizando para adxudicar as prazas nas actividades provocaba que aspirantes se quedasen fóra, o Concello modificou o sistema. A partir desta edición realizarase un sorteo por cada unha das actividades nas que se anotan as persoas participantes a diferenza do concurso único, que se viña utilizando e que permitía que algunas persoas gozasesen de dúas actividades e outras quedasen sen ningunha. As persoas participantes agraciadas neste sorteo terán preferencia nunha actividade e non poderán gozar de dúas, agás que algunha non complete o seu número máximo de prazas. O prazo de inscrición permanecerá aberto ata o próximo 28 de decembro. As actividades organizadas para esta edición son as seguintes:

## 14 a 17 anos

cociña, graffiti, danzas actuais (batuka, funky, hip-hop), surf, iniciación ao hóckey a patíns

## 18 a 35 anos

cociña, bailes de salón, risoterapia, pintura, obradoiro de cata de viños, escalada deportiva en rocódromo, fútbol sala, aquagym, patinaxe en liña, bádminton, bolos, pilates, danzas actuais, teatro cabaré, xardinería

## 36 a 65 anos

cociña, risoterapia, pintura, bailes de salón, cata de viños, xardinería, informática, coctelería, pilates, técnicas de relaxación, natación, patinaxe en liña, bádminton, bolos



■ Un dos grupos de participantes premiados visitou Cuba



■ A mocidade fixo unha viaxe pola zona norte de Portugal

# Un total de 583 alumnos e alumnas participan no programa de natación do Concello ▼

♦ O Concello de Oleiros está a desenvolver nestes meses o seu programa de natación para escolares no que participan un total de 583 rapaces e rapazas. Esta cifra marca un novo récord de participación nunha actividade consolidada que ano tras ano aumenta a súa demanda. Este programa, que se desenvolve nas piscinas municipais da Fábrica, Perillo, Oleiros e Dorneda, ten por obxectivo contribuír ao desenvolvi-

mento integral dos escolares como complemento da motricidade básica, mellorando as capacidades físicas, así como contribuíndo á maduración dos nenos e das nenas nos eidos cognitivo, percepivo-motriz, expresivo-comunicativo, afectivo e de relación cos demás. O Concello de Oleiros facilita gratuitamente o servizo de transporte para as persoas participantes que así o solicitaron.



# En marcha unha nova edición da Liga Municipal de Fútbol Sala

♦ A Liga Municipal de Fútbol Sala atópase nunha fase decisiva cun récord total de participación. Un total de 17 equipos inscritos que diariamente compiten na polideportiva municipal de Canide. O Concello de Oleiros conta coa colaboración do Club Mera Fútbol Sala, para realizar as funcións coordinativas e de arbitrase

dos partidos. O fútbol sala é un deporte con moitos seguidores no municipio e o Concello conta con moitas instalacións que permiten a práctica desta disciplina baixo calquera condición climática e calquera condición de luz. A liga municipal que se disputa en Canide conta en cada partido cunha grande afluencia de público.

# O Concello pon en marcha o programa para escolares «Un día en Galicia»

◆ O Concello de Oleiros, a través da Concellería de Ensino e Xuventude, pon en marcha ao longo dos próximos meses un atractivo programa mediante o que escolares do noso municipio poderán completar a súa educación con atractivas viaxes e excursións pola nosa xeografía. O obxectivo desta iniciativa, dirixida ao alumnado de terceiro ciclo de todos os centros de educación primaria do municipio, é ampliar a perspectiva e o coñecemento sobre o noso país, a súa historia, a súa cultura e as súas xentes.

Ademais, a través deste programa de carácter histórico, o Concello proponse descubrir as características más definidoras a nivel natural, social e cultural de cada lugar visitado, ao mesmo tempo que se promove a convivencia e a socialización do grupo. Ampliar o coñecemento dun contorno inmediato, desde outras perspectivas. Así mesmo, perséguense posibilitar ao profesorado novos xeitos de ensinar en contacto directo co medio natural.

A través do programa Un día en Galicia os nenos e as nenas coñecerán vilas que áinda viven dentro das cidades, e mergullaranse en tempos pasados, o que lles permitirá entender un pouco máis o presente. As experiencias educativas deste curso escolar concrétanse nas excursións a Pontedeume dos Andrade, a Lucus Augusti dentro do Lugo actual, a Ferrol da Ilustración e á súa costa ártabra, a Pontevedra e a Santiago de Compostela.



## As escolas municipais de danza e música baten o seu récord de matrículas con más de 600 alumnos e alumnas

◆ O pasado mes de outubro comezou a actividade docente nas escolas municipais de danza e música cun récord absoluto de alumnos e alumnas inscritos. En total 605 mozos e mozas, 377 na escola de música e 228 na escola de danza, desenvolven a súa actividade nestes centros municipais. O incremento de matrículas foi posible grazas á entrada en funcionamento da nova sede da Escola Municipal de Danza situada na avenida Valle Inclán. A nova infraestrutura permite albergar un maior número de alumnos e alumnas, o que supón un novo logro na mellora do nivel educativo, artístico e cultural do municipio. Ademais trátase da primeira escola integral de danza que existe na comunidade autónoma. A cada vez máis prestixiosa escola do noso municipio cambiou este curso a súa dirección executiva, pero conserva o seu nivel académico, posto que o profesorado continúa a ser exactamente o mesmo que nos cursos anteriores.



O traslado da actividade de danza a este novo complexo permitiu ademais ampliar as instalacións da sede da Escola Municipal de Música no centro cultural A Fábrica de Perillo, o que se traduciu nunha maior capacidade docente do centro que este curso alberga máis alumnos e alumnas e que contará con locais para os ensaios.

## Oleiros realizará sesións da hora do conto en todas as bibliotecas municipais entre os meses de febreiro a xuño



◆ O Goberno local, a través da rede de bibliotecas, organiza varias sesións de contacontos dirixidas a nenas e nenos con idades comprendidas entre os 2 e os 10 anos. Todos os actos terán lugar ás 18.30 horas nas distintas bibliotecas e realizaranse no período comprendido entre os meses de febreiro e xuño.

O obxectivo principal desta iniciativa de carácter lúdico é fomentar a imaxinación e a creatividade. A iniciativa pretende conseguir que os nenos e as nenas se divirtan escuchando contos e deste xeito, consoden o seu hábito de lectura. Ademais intétase que descubran a diversidade dos libros e o pracer pola lectura e que vivan o libro en colectividade xunto con outras nenas e nenos.

Así mesmo, preténdese introducir os nenos e as nenas no mundo dos libros a través dunha lectura que poidan comprender e que os faga gozar. A través do universo máxico dos contos desenvólvese a imaxinación, a fantasía e a capacidade de fabulación de quen escucha, polo que se tratará de espertar unha sensibilidade que faga descubrir o pracer que pode proporcionar a lectura, que os nenos e as nenas vexan que tamén se poden divertir e pasar momentos moi agradables cos libros.

# Oleiros co teatro

◆ O Concello de Oleiros fai unha forte aposta polo teatro como motor cultural. Ademais da programación teatral do primeiro semestre do ano que o Concello organiza a través da Rede Galega de Teatros e Auditorios da Xunta de Galicia, AGADIC e que comezará o próximo 12 de febreiro, o Goberno traballa en diversas iniciativas relacionadas coa arte dramática.



## Obradoiro para adultos ▼

◆ No mes de febreiro pone en marcha o obradoiro teatral para adultos no que as persoas participantes poidan entrar en contacto con este mundo. O obradoiro pretende proporcionar ao alumnado a oportunidade de analizar, comprender e comunicar ideas e sentimientos. As clases impartiranse no teatro municipal As Torres de Santa Cruz os martes e mércores das 18.15 ás 20.15 horas ata o próximo mes de novembro cun parón estival.

As clases están destinadas a xente inquieta que quere aprender dun xeito rápido e efectivo as normas básicas do xogo teatral escénico. Que pasa cando estou ante o público, como vencer o medo escénico, como potenciar a miña presenza, como xogar coa nosa voz, como comunicar mellor, como impactar, como facer rir, como crear un personaxe, como improvisar, son algunas das situacions que se resolverán neste atractivo curso formativo, e todo a través da más potente ferramenta que posuímos, a nosa enerxía, o corpo, a voz e a nosa imaxinación.



## A escola de teatro infantil funcionará por segundo ano consecutivo ▼

◆ O Departamento de Cultura porá novamente en marcha por segundo ano consecutivo o obradoiro de teatro infantil destinado a nenos e nenas nacidos entre os anos 2000 e 2005. As clases impartiranse tamén no teatro As Torres, de Santa Cruz, os sábados en horario de mañá. Este obradoiro pretende achegar os nenos e as nenas ao mundo do teatro, da representación e da expresión corporal. Mediante a realización de xogos e actividades, os rapaces e as rapazas desenvolven a expresión corporal e verbal, xogos de relación e personaxe, estimulan a creatividade e a imaxinación e aprenden a colaborar co grupo.

## Exposiciones na Casa Charry e na entrada da Fábrica

◆ A Casa Charry e a entrada do complexo cultural A Fábrica de Perillo son os lugares habilitados polo Concello para albergar exposiciones das distintas disciplinas artísticas. Ademais de supoñer unha interesante oferta de ocio cultural como visitantes tamén é un modo de apoiar actividades artísticas dos nosos veciños e veciñas, xa que estes espazos están destinados a que poidan amosar a súas obras nas distintas disciplinas artísticas. O horario de apertura da sala de exposiciones da casa azul é de luns a sábado, das 19.00 ás 21.00 horas. Pola súa parte, a sala de exposiciones da entrada da Fábrica está orientada a que os mozos e as mozas de Oleiros poidan amosar o seu talento e expresarse a través da arte. O horario de visita é o mesmo que o do complexo cultural.



## O Concello organiza obradoiros de ilustración e banda deseñada para nenos, nenas e adolescentes

◆ Oleiros pon en marcha unha serie de obradoiros de ilustración e banda deseñada. Con esta actividade preténdese dar a coñecer diferentes ilustradores galegos. Realizaranse obradoiros de ilustración ou de banda deseñada a través dos cales os nenos, as nenas e os adolescentes poidan coñecer os distintos tipos de ilustracións ou que aprendan os aspectos básicos do cómic. Os obxectivos que se pretenden conseguir son: aprender diferentes técnicas de ilustración e banda deseñada, fomentar a creatividade e a imaxinación, promover a lectura de obras de banda deseñada, que observen e analicen as diferentes ilustracións que aparecen nos libros.





# O Entroido, á volta da esquina ▼

◆ O próximo venres 24 de febreiro é a data sinalada para a gran festa do Entroido dos maiores que todos os anos celebra o Concello de Oleiros. Esta festa, sen dúbida unha das más importantes que teñen lugar na comarca ao longo destas datas, concentra a centos de veciños e veciñas no pavillón da Rabadeira. Esta próxima edición contará cunha actuación musical e co habitual concurso de disfraces co reparto de importantes premios. Ademais celebrarase unha merenda para as persoas asistentes.

Nesta festa, organizada especialmente para maiores do noso municipio, teñen cabida veciños e veciñas de todas as idades que queiran participar xa que se trata dun evento onde o denominador común e a música, os disfraces e as ganas de rir e pasalo ben. Como noutras festas organizadas no municipio, a colaboración voluntaria das persoas e das entidades veciñais é fundamental para que a organización sexa un éxito.



## Festas nas parroquias

◆ A festa do Entroido ten unha longa tradición e unha altísima participación no noso municipio. Como todos os anos, o Concello axuda a dinamizar as festas de Entroido que se van levar a cabo nas distintas casas do pobo e centros cívicos e que organizan as entidades socioculturais de cada parroquia. O obxectivo do Goberno local é apoiar estes colectivos e contribuír a fortalecer a súa identidade colectiva. Para levar adiante este proxecto, o Concello conta con diferentes grupos de animación que realizan xogos, desfiles, bailes, karaokes etc., tanto para as persoas máis novas como para as maiores nun ambiente lúdico e festivo. As festas realizaranse nas diferentes datas do Entroido e en todas as parroquias do municipio.

# Encontros con escritores e escritoras galegas ▼

◆ O Concello realizará ao longo dos próximos meses varios encontros literarios con escritoras e escritores, para dar a coñecer e promover os nosos autores e autoras e as súas obras. Dependendo de cada autor e das obras lidas realizaranse encontros para as distintas idades tanto na Biblioteca Central Rialeda, en Perillo, como no centro cultural As Torres de Santa Cruz, na biblioteca municipal Rosalía de Castro. Estes encontros están dirixidos ao alumnado de primaria, ESO ou bacharelato dos centros de ensino que os soliciten, para as persoas integrantes dos talleres de lectura e para o público en xeral. Os seus obxectivos son poñer en contacto o lectorado co autor ou autora dun xeito ameno e creativo e descubrir a forma de escribir dos distintos creadores.



## O obradoiro de olería consolídase ▼ como oferta cultural

◆ A olería ten unha longa tradición no Concello de Oleiros, coma o seu propio nome sinala, por iso, desde a área de cultura apóstase por un obradoiro que mostrará as distintas técnicas e formas de traballar o barro. No 2012 continuará este obradoiro iniciado en outubro de 2011. As clases impartiranse no alfar situado no parque das Torres, en Santa Cruz. Jose Luís Rivas será un ano máis o mestre encargado de impartir as clases.

O obradoiro pretende que o alumnado aprecie o feito artesán e o identifique cos valores culturais do Concello, que coñeza o proceso de creación dunha peza de barro (desde o moldeado ata a cocción, pasando pola pintura) e os diferentes instrumentos de transformación do material e as técnicas de cocción. As clases serán os luns e martes de 16:30 a 18:30 horas e de 18:30 a 20:30 horas. Esta actividade está destinada a todas as persoas interesadas no mundo da olería maiores de 18 anos.

# TRIBUNA ABERTA

Este é un espazo de participación cidadá onde se pode opinar sobre o tema que se deseñe. Os textos son reproducidos de forma íntegra. Recorda que a extensión máxima debe ser de 1.000 carácteres. Se queres participar nesta sección do próximo Vivir escríbenos ao enderezo electrónico [comunicacion@oleiros.org](mailto:comunicacion@oleiros.org)

## Beirarrúas en Nós

Alcalde, grazas polas beirarrúas de Nós. Coa miña idade o poder camiñar sen preocuparme dos coches que veñen ou van é media vida. O andar é unha das poucas cousas que podo facer todos os días, poder falar cos veciños que se cruzan comigo, intercambiar unhas poucas palabras e facer das horas unhas compañeiras. Hoxe son un pouco más feliz... e un pouco más nova.

F.P.M (Nós)

## Wall Street: berce e nicho da economía capitalista

Xa pasaron tres anos desde que José Luís Rodríguez Zapatero pronunciara por primeira vez a palabra "crise" en España, tres anos de desemprego, aumento de pobreza pero, sobre todo, de perda de liberdade para a cidadanía mundial en xeral.

Pero aínda que segue existindo xente do común afanada en pronunciar a frase "a culpa é toda do Zapatero" ese que inmediatamente os converte en "entendidos da hora da sobremesa", a gran maioría de nós sabemos que a culpa é de individuos que viven moito máis lonxe de Moncloa, xente que practica actividades ilegais desde anos atrás. Desde Wall Street, a principios do novo milenio e coa chegada de Bush fillo á Casa Branca, desde a banca (concedendo préstamos a calquera persoa que chegase ás entidades), desde as axencias de cualificación (dándolle valores demasiado altos a bancos ao borde da quebra) e tamén desde as sociedades aseguradoras como AIG (xogando á ruleta con bens intanxibles produto da especulación). Todas elas, entre outras, comezaban a súa etapa dourada dirixida cara ao abismo económico máis grande da historia.

Produto deste tipo de actividades que ningunha lexislación quixo controlar, desencadeouse unha burbuilla especulativa na bolsa que remató por estoupar coa caída das hipotecas "subprime", cando a xente non se pudo facer cargo delas, acto que derribou como fichas de dominó a todas as economías, que estaban contaminadas con estes bonos "subprime" que EE.UU. colocou por todo o planeta.

Tres anos despois desta catástrofe, non aprendemos que mentres permitamos que os nosos cartos estean en mans de bancos e de especuladores, o futuro da economía e incluso, o que é máis grave, o futuro dos valores da sociedade está máis que perdido. Neste sentido si que teñen razón os "entendidos de sobremesa" no seu ancestral pensamento de que os cartos, sempre mellor gardalos no peto.

Sergio Casal - Maianca

## A saída da crise

A palabra crise define un estado de cambio. En España tense instalado un fenómeno de deterioración continuado do tecido produtivo e do estado de benestar, que pola súa duración non debería xa ser merecedor do termo de crise. Están comprometidos de maneira permanente dereitos colectivos dados por seguros hai catro anos e asistimos impotentes a unha involución

na proporción do papel do Estado e os axentes sociais en favor da preponderancia dos intereses dos grandes monopolios e do capital, especulativo, no intre de establecer as regras de xogo polas que se regula a nosa aspiración ao benestar.

O grao de preservación dos dereitos conquistados con tanto esforzo xeracional é inversamente proporcional á influencia das oligarquías. A cidadanía necesita máis ca nunca para o establecemento do modelo de sociedade que vai ir xurdindo tras a "crise", dunha clase de políticos dispostos a ser sensibles ao sentir colectivo e mover o corpus lexislativo ata onde é preciso para garantir dereitos fundamentais de traballadores e emprendedores. Políticos que...

- ...Dean exemplos de coherencia, limpeza, transparencia e capacidade de traballo.

- ...Sexan independentes, e non respondan aos ditados das multinacionais e da gran banca e rachen con todo vestixio de nepotismo.

- ...Dispoñan e fagan cumplir a función inspectora sobre o bo uso dos patrimonios públicos e tamén das sociedades anónimas que captan o aforro e os esforzos da cidadanía.

- ...Con visión de Estado, dispostos a ver en Europa un escenario para pedir pero tamén para achegar e que nos faga máis fortes desde a Unión na convención de intereses, eliminando os tratos de favor e os paraísos fiscales dentro do territorio da CEE.

- ...Constitúan unha clase dirixente que supere a megalomanía, a visión a curto prazo e que evolucione coa premisa de que só o investimento en I+D+I e o desenvolvemento sostible poden levar a acadar unha saída da crise real e garantía dun nivel de recuperación da senda do avance social.

Os cidadáns de a pé temos tantos dereitos como deberes. O Estado non é un paraguas que nos proporciona todo de balde. A primeira das nosas obrigas, se queremos que as cousas muden, pasa por recuperar o "instinto" de participación no deseño da sociedade, pasar de entes pasivos a colectivos reivindicativos, con expresión propia, remontando a vida umbilical e o status de simples consumidores de opio (centros comerciais, fútbol, telelixo) para actuar por reacción fronte aos atropelos e por anticipación, coa recuperación do asociacionismo como vía de participación e influencia decisiva nas decisións dos tres poderes. Non abonda con votar cada catro anos para conceder o que os políticos veñen interpretando como unha patente de corso durante o seu mandato. Cumpre fiscalizar o cumprimento dos seus programas e a súa toma de decisións con instrumentos de participación e expresión cotiáns que velen pola recuperación de máis Estado, máis comunidade autónoma e menos neoliberalismo ao servizo dos grandes monopolios empresariais que queren gobernar o mundo.

ICF - Mera

## Calidade de vida

Que é a calidade de vida? Que estimamos que fai máis doado o noso día a día? Que cousas, a simple vista imperceptibles, logran facer máis cómodo o noso quefacer cotiá?

O outro día, sen decatarme, atopeime, por terceira vez na semana, mercando en Parque Oleiros. Xa non me plantexo para cando necesito algo, por mor de terme que desprazar á Coruña a mercalo, agora pregúntome tan só se me fai falla ou non. Dende un enchufe, pasando por area para a cama do gato ou penso, ata unhas lentes ou unha ferramenta para o xardín, podo atopalo en Iñas, a cinco minutos da miña casa. Certo que sendo de Oleiros como son, para esas pequenas compras, xa por rapidez, opto polo pequeno comercio que podo atopar a carón da miña porta: a ferretería, a frutería, a carnicería, mais entendo que sendo os núcleos de poboación do concello tan poucos, Sta. Cristina, Mera, Sta. Cruz, Oleiros... se apoie a todo aquel empresario que deseñe montar o seu negocio, mais tamén son consciente que a opción das grandes superficies, sempre controladas, iso si, é a válida. É unha opción de crear postos de traballo, xa que tamén sei que os oleirenses temos preferencia á hora de optar aos empregos nesas empresas que elixen o noso concello para instalarse.

Calidade de vida é non ter que perder tres cuartos de hora en desprazarse para mercar unha camisa. Calidade de vida é non ter que estar na estrada máis do necesario. Calidade de vida é non contaminar cos nosos automóbiles ao medio ambiente. Calidade de vida é poder mercar e á vez interrelacionarme cos meus veciños. Calidade de vida é poder optar a traballar preto da miña casa.

Por iso o outro día decateime que si... que podo dicir que desfruto dunha boa calidade de vida.

Anónimo

## A liberdade e os seus símbolos

"Si fuéramos capaces de unirnos, qué hermoso y qué cercano sería el futuro".

De quen lles parece que son estas palabras? A quen llas atribuirían? Que perfil de persoa buscarían? Pois esta sentencia foi mencionada por Ernesto Che Guevara, o famoso revolucionario. Non era un militar, un violento como algúns queren falsamente atribuírille; era un idealista que en tempos de conspiracións e Guerra fría, en tempos de gobernos de moniquecres e líderes de palla, cría nunha unión para poder vivir e non tan só sobrevivir.

Por isto, pola súa incansable loita polos dereitos civís, por crer nun mundo mellor, por ser un símbolo do que a unión do pobo pode lograr, en Oleiros temos a sorte de ter unha das más fermosas representacións do revolucionario, unha estatua en honor aos que loitaron, e morreron, pola liberdade, aos que continúan na brega contra os inimigos invisibles que hoxe son a banca e os estados corruptos, por todas esas persoas que ven na cooperación desinteresada un modo de converter este mundo nun lugar mellor.

Cada vez que paso co meu coche a carón da estatua non podo máis sentir que non todo está perdido, que aínda queda esperanza, que no fondo o ser humano está movido pola bondade e non pola cobiza, aínda que sigan facendo falla símbolos coma este para nolo recordar.

M.V.S (Nós)

## Teléfono do Veciño

Toda a información de 8 da mañá a 8 da tarde ininterrompidamente

**981 610 000**

### Concello de Oleiros 981 610 000

Policía Local (24 horas)	981 610 001
Garda Civil de Oleiros	981 610 067
Garda Civil urxencias	062
Xulgado	981 610 824
Servizo de augas	981 610 602
Mercado municipal	981 638 158
Recadación municipal	981 635 603
Ofic. Consumidor (Omic)	981 610 000 ext.1274
C. Recuper. fauna salvaxe	981 626 241
Urxencias médicas (24 horas)	061
Centro Urxencias Sta. Cruz	981 614 901
Centro Saúde Perillo	981 638 731
Centro Saúde Sta. Cruz	981 626 768
Centro Saúde de Oleiros	981 082 188
Casa do Mar de Mera	981 628 544
Protección Civil	981 636 933

### Centros municipais de actividades

Centro Cultural A Fábrica	981 636 598
Centro Cívico de Sta. Cruz	981 614 784
Casa do Pobo de Mera	981 617 662
Casa do Pobo de Iñás	981 631 240
Casa do Pobo de Nós	981 664 257
Casa do Pobo de Dexo-Lorbé	981 618 201
Centro Cultural de Montrove	981 639 422
Casa da Cultura de Perillo	981 636 555
Centro de Información Xuvénil	981 636 598
Museo Oleiros J.M. Kaydeda	981 626 692
Castelo de Sta. Cruz	981 630 618
Aula do Mar / Faros de Mera	981 618 154
Escola Municipal de Danza	981 639 605
Escola Municipal de Música	981 639 143
Centro de Lecer Portaberta	981 614 083

### Centros educativos

CMF Isaac Díaz Pardo	981 631 706
El O Vilar / Nós	981 664 257
El A Pardela / Os Regos	981 631 788
El As Galeras / Bastiagueiro	981 648 446
EIM A Canteira / Perillo	981 977 921
IES Neira Vilas / Perillo	981 638 903
IES Miraflores / Oleiros	981 631 615
IES M <sup>a</sup> Casares / Bastiagueiro	981 626 344
CEIP Luis Seoane / Mera	981 617 130
CEIP Parga Pondal / Sta. Cruz	981 614 976
CEIP Valle Inclán / Perillo	981 636 754
CEIP A Rabadeira / Oleiros	981 610 023

### Bibliotecas

Central Rialeira / Perillo	981 639 511
Rosalía de Castro / Sta. Cruz	981 626 338
María José Trincado / Mera	981 628 507
M <sup>a</sup> José Russo / Dorneda	981 626 638
Manuel María / Oleiros	981 610 700
Ánxel Fole / Nós	981 664 257
Xograr Mendiño / Dexo-Lorbé	981 618 201
F. García Lorca / Montrove	981 639 515

## Querida lúa

### O ciclo da lúa

Cheia	10 decembro / 9 xaneiro / 7 febreiro
Mingua	18 decembro / 16 xaneiro / 14 febreiro
Nova	24 decembro / 23 xaneiro / 21 febreiro
Medra	1 xaneiro / 31 xaneiro / 1 marzo

## Transportes

En Oleiros TAXI a domicilio no **981 243 333**

### Horarios Cal Pita

1 > A Coruña  
> Fonteculler  
> O Burgo  
> San Pedro <

Laborables Ida 6:45 ■ 6:55 ■ 7:10 ■ 7:25 ■ 7:35 ■ 7:45 a 21 cada 15' ■ 21:30 a 22:30 cada 30'  
Volta 7 a 21 cada 15' ■ 21:30 a 22:30 cada 30'

Sábados Ida 7:10 ■ 7:40 ■ 8-22:30 cada 30' Volta 7:30 a 22:30 cada 30'

Dom+fest Ida 7:10 ■ 7:40 ■ 8 a 22:30 cada 30' Volta 7:30 a 22:30 cada 30'

2 > A Coruña  
> Perillo  
> Montrove  
> Os Regos  
> Oleiros <

Laborables Ida 7:05 a 22:05 cada hora. Volta 7:35 a 22:35 cada hora

Sábados Ida 8:05 a 22:05 cada hora. Volta 8:35 a 20:35 cada hora

Dom+fest Ida 10:05 a 20:05 cada hora. Volta 10:35 a 20:35 cada hora

3 > A Coruña  
> Perillo  
> Nos  
> O Carballo  
> Oleiros  
> Sada <

Laborables Ida 6:55 a 20:55 cada hora ■ último ás 22. Volta 6:55 a 21:55 cada hora

Sábados Ida 6:55 a 20:55 cada 2 horas. Volta 7:55 a 21:55 cada 2 horas

Dom+fest Ida 8:55 ■ 10:55 ■ 13:05 ■ 14:55 a 20:55 cada 2 horas. Volta 9:55 a 21:55 cada 2 horas

4 > A Coruña  
> Perillo  
> Sta. Cruz  
> Arillo  
> Sada <

Laborables Ida 6:25 a 21:25 cada hora. Volta 6:25 a 21:25 cada hora

Sábados Ida 6:25 ■ 8:25 a 20:55 cada hora ■ Último ás 22. Volta 7:25 a 21:25 cada hora

Dom+fest Ida 8:25 a 20:25 cada hora ■ Último ás 22. Volta 8:25 a 21:25 cada hora

6a > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz >  
Arillo > Rialta > Dorneda >  
Pousada > Oleiros > Soñeiro <

Laborables Ida 6:50 ■ 7:10 ■ 13:05 ■ de 7:40 a 20:40 cada hora ■ De 8 a 12 cada hora ■ De 14 a 20 cada hora

■ Último ás 22. Volta 7:10 a 21:10 cada hora ■ De 7:30 a 19:30 cada hora ■ 20:50 ■ 22:30

Sábados Ida 8:50 ■ 9:40 a 20:40 cada hora. Volta 9:10 a 21:10 cada hora

Dom+fest Ida 9:40 a 20:40 cada hora. Volta 10:10 a 21:10 cada hora

6b > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz >  
Franzomel > Dorneda >  
Pousada > Oleiros > Soñeiro <

Laborables Ida a Oleiros 8 ■ a Soñeiro 20

Volta a Oleiros 8:40 ■ a Soñeiro 20:40

VERÁN  
> A Coruña > Perillo > Sta. Cruz <

Sábados+dom+fest Ida 10 a 21 cada hora

Volta 10:30 a 21:30 cada hora

VERÁN  
> A Coruña > Perillo > Sta. Cristina <

Luns a domingos

Ida 10:20 a 20:20 cada hora

Volta 10:50 a 20:50 cada hora



**34.537 habitantes empadroados/as!**

Ata o 21 de novembro, o padrón do Concello distribuído por parroquias é:

DEXO (Santa María)	1.359
DORNEDA (San Martiño)	3.408
ILÁNS (San Xurxo)	1.210
LIÁNS (Santa Eulalia)	10.006
MAIANCA (San Cosme)	1.262
NÓS (San Pedro)	4.656
OLEIROS (Santa María)	2.929
PERILLO (Santa Leocadia)	8.151
SERANTES (San Xulián)	1.556
<b>TOTAL</b>	<b>34.537</b>

### FARMACIAS DE GARDA

- MARTA VIGUERA MOSQUERA  
Mera-Rúa Miramar, nº 4 (Serantes) • Teléfono: 981 617 937
- M<sup>a</sup> TERESA MIGUÉLÉZ FREIRE  
Avda. Rosalía de Castro, nº 247 (Perillo) • Teléfono: 981 635 024
- M<sup>a</sup> ROSA CATRUFU FERREÑO  
Avda. das Mariñas, nº 247 (Nós) • Teléfono: 981 663 890
- FERNANDO JOSÉ RODRÍGUEZ GAFRIA  
Santa Cruz-Rúa Francisco Comesaña, nº 4-6 (Liáns) • Teléfono: 981 614 503
- M<sup>a</sup> TERESA LEMA ESPASANDÍN  
Arillo-Avda. República Argentina, nº 95 (Dorneda) • Teléfono: 981 648 440
- MARTA DE SAN IGNACIO GIL DE LA PEÑA  
Urbanización Os Regos-Isaac Díaz Pardo, nº 4 (Liáns) • Teléfono: 981 614 184
- PABLO DURÁN LOSADA  
Rúa Viñas de Babilonia, nº 8 (Liáns) • Teléfono: 981 923 845
- PEDRO JOSÉ IGLESIAS PASTORIZA  
Avda. Ernesto Ché Guevara, nº 16 (Perillo) • Teléfono: 881 963 932
- ALEJANDRO SÁNCHEZ BARREIRO  
Rúa Golfiño, nº 121 (Dexo) • Teléfono: 981 628 165
- SANTIAGO MAIZ CAL  
Rúa Camilo Díaz Baliño, nº 1- A (Oleiros) • Teléfono: 981 610 027

### Datas

Do 9 ao 15 de decembro
Do 17 ao 23 de febreiro
Do 16 ao 22 de decembro
Do 24 de febreiro ao 1 de marzo
Do 23 ao 29 de decembro
Do 2 ao 8 de marzo
Do 30 de decembro ao

## O centro de día das Galeras, 16 meses de vergoña



◆ Hai xa 16 meses que as obras do centro de día das Galeras están rematadas e dotadas para prestar o servizo ¡¡obrigatorio!! á nosa xente maior e, a pesar disto, a Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia segue sen abrir as portas para atender as persoas que precisan e demandan esta asistencia.

Os terreos, máis de 3000 m<sup>2</sup> de solo urbano na urbanización das Galeras, así como a rede de servizos, foron achegados polo Concello para facer posible a construción do dito centro.

O investimento municipal supera o millón de euros. As obras de construcción do edificio e o mobiliario financíronse con fondos FEIL, coñecido como Plan Zapatero. É dicir, a Xunta non puxo nin un euro e é dona dun patrimonio de máis de 2,5 millóns de euros

achegados polo Estado e polo Concello para cumplir un fin social cuxas competencias son exclusivamente da Xunta de Galicia e que son proba da nula credibilidade do Goberno galego para cos veciños e veciñas de Oleiros.

Desidia, sectarismo e incapacidade de xestión é o que temos que soportar daqueles que prometen as estrelas e o ceo e que dentro de pouco volverán a pedir o voto para mellorar as condicións de vida dos galegos e das galegas.

Imos seguir tolerando isto ou tomamos a Consellería? ata cando se van rir de nós? Non permitamos que se faga realidade en Oleiros a frase de Castelao «mexan por nós e hai que dicir que chove!».

